



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de oficial de obras incluída na OEP do Concello de Fene do ano 2021

ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 187/2025, de data 26.02.2025, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas cuxo texto íntegro se cita a continuación:

“Asunto: LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE OFICIAL DE OBRAS INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO (OEP) DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2021, MEDIANTE O SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

EXPEDIENTE: 2024/E001/000024; 2025/G003/000016; 2025/G003/000164

Por Resolución da Alcaldía núm. 1293/2024 do 04.10.2024 aprobouse a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de oficial de obras, incluída na OEP do ano 2021, mediante o sistema selectivo de concurso-oposición.

As bases específicas reguladoras da convocatoria e proceso selectivo publicáronse integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 196 do 10.10.2024); a rectificación das citadas bases publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP núm. 206 do 24.10.2024); así mesmo, inseriuse un anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 232, do 02.12.2024 e no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 303, do 17.12.2024). Este último anuncio supuxo o inicio do prazo de presentación de instancias de participación no proceso selectivo, que finalizou o día 06.01.2025, incluído.

Mediante Resolución da Alcaldía 52/2025 do 22.01.2025 aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas outorgándose un prazo de dez (10) días hábiles para emendas e alegacións, prazo que rematou o 11.02.2025.

A vista do que antecede, consonte ao disposto nas bases reguladoras do proceso de selección e de conformidade coa normativa vixente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas que se relaciona a continuación:

PERSOAS ADMITIDAS:

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI NÚM.	CELGA 3 ou equivalente	OBSERVACIÓNS
1.	Pico Feal, Victor Manuel	***8387**	NON	Non achega CELGA 3, polo que deberá realizar a proba de lingua galega.

PERSOAS EXCLUÍDAS: Non constan

SEGUNDO.- Designar como membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo referido aso/ás seguintes funcionarios/as, comunicándolles que o réxime de abstención e recusación fronte á designación do tribunal é o previsto nos artigos 23 e 24 da LRXSP (Lei 40/2015):

PRESIDENTE/A

TITULAR: Juan Miguel Martín Pérez, responsable da unidade de vías e obras do Concello de Fene

SUPLENTE: José Manuel Faraldo Purriños, chófer palista do Concello de Fene

VOGAIS:

TITULAR: José Manuel Piñón Rey, chófer condutor do Concello de Fene

SUPLENTE: José Manuel Carreira Cebal, chófer palista do Concello de Fene

TITULAR: Victor Manuel Montes Pena, oficial albanel do Concello de Fene

SUPLENTE: María Belén Souto Calvete, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Fene

TITULAR: Inés Mera Rico, enxeñeira de camiños do Concello de Fene

SUPLENTE: Marta Rodríguez Fernández, administrativa do Concello de Fene

SECRETARIO/A

TITULAR: Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene

SUPLENTE: Ana María Santano Martínez, administrativa do Concello de Fene

TERCEIRO.- Convocar ao tribunal á súa sesión constitutiva que terá lugar na Sala de Comisión do Concello de Fene (4º andar) o día 6 de marzo de 2025 ás 09.00 horas.

CUARTO.- Publicar esta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello, con indicación de que fronte a ela poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o órgano que ditou o acto, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante a xurisdición contencioso-administrativa, contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 27.02.2025 polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey.

2025/1359